

Ola a todas e a todos:

Este é o último documento que se publica de Inglés por este curso e quero aproveitar para agradecervos a todas as familias e principalmente a todas as alumnas e a todos os alumnos do cole que estivesedes pendentes das actividades de Inglés durante esta última etapa do curso que resultou ser unha experiencia complicada a moitos niveis, sobre todo no aspecto emocional, e se converteu sen dúbida nunha forma de acabar o curso académico diferente a todas as que vivimos ata o momento.

Pola miña parte intentei que as actividades de Inglés fosen amenas, motivadoras e que non vos resultase complicado poder continuar coa aprendizaxe nas vosas casas; procurei que non fosen moitas as actividades semanais que vos propuxen pero xa me diredes vós a vosa valoración das tarefas cando nos volvamos a ver. Moitas grazas por realizar e enviar as miñas actividades e moitas grazas tamén por todos os abrazos virtuais que recibín, que foron moitos e agradezo enormemente cada un deles. MOITAS GRAZAS!

Desexo que disfrutedes moito das vacacións de verán, que aproveitedes para poder realizar moitos plans divertidos coas vosas familias, que xoguedes moito e que vivades estupendas aventuras... xa sabedes que as vacacións dan para moito.



Unha forte aperta a todas e a todos e FELIZ VERÁN!



Elena

